



## ANUNCIO

### ASUNTO: RESULTADO PROVISIONAL DA REALIZACIÓN DA PROBA DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE OFICIAL ALBANEL DENTRO DO PLAN DE EMPREGO 2023 PROGRAMA ACTIVACIÓN DO EMPREGO.

Rematada a celebración da proba, o resultado provisional da proba de coñecemento no procedemento selectivo para a contratación laboral temporal OFICIAL ALBANEL dentro do Plan de emprego 2023 do Concello de Bueu celebrada con data 15 de maio de 2023 no Centro Social do Mar de Bueu é o seguinte:

OFICIAIS ALBANEIS				
ASPIRANTE	DNI	TEST	APTO/NON APTO	OBSERVACIÓNS
FERRADAS POUSA, LINO	***9079**	6,66	APTO	
FREIRE MARTINEZ, MANUEL	***9510**	0,66	NON APTO	
GOMEZ MASENLLE, ALBERTO	***9778**	7,92	APTO	*
LOBEIRA CABANELAS, MIGUEL	***1188**		NON PRESENTADO	
MOARES PASTORIZA, SANTIAGO	***9319**	7,92	APTO	*

#### \* Aportar documentación para resolver os empates

Logo do anterior, en aplicación da base 8ª Procedemento de selección o Tribunal ordear publicar a lista provisional do xeito sinalado nas bases, polo tanto conceder **o prazo de dous (2) días hábiles, serán o martes 16 de maio e o xoves 18 de maio de 2023**, o horario de atención o público do rexistro de 8:30 a 13:30 horas así como por sede electrónica, para a presentación de **reclamacións e alegacións oportunas**.

No caso de producirse empates nas puntuacións do exame, resolverase aplicando os criterios preferentes, pola orde sinalada no derradeiro parágrafo na base terceira entre as persoas candidatas coa mesma puntuación.

Para a valoración dos méritos preferentes, o Tribunal solicitará das persoas candidatas nos que concorran os empates a documentación necesaria para acreditar as diferentes situacións relativas aos criterios preferentes:

1º.- Vítimas de violencia de xénero. Esta situación acreditarase a través dun informe do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Bueu no que faga constar a acreditación de vítima de violencia.

2º Persoas candidatas maiores de 45 anos: a través do DNI

3º Persoas candidatas que formen familia monoparental con fillos ao seu cargo.

Familia monoparental: supostos de persoas que afrontan a maternidade ou paternidade en solitario, as familias formadas por un cónxuxe viuvo e os seus fillos/as, as familias nas que un proxenitor queda a cargo dos fillos/as sen que haxa custodia compartida. Acreditación da situación correspondente.

4º Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa: declaración da renda de 2021 de todos os membros que figuren no xustificante de empadramento ou certificado de non estar obrigado a presentala emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

5º Persoas candidatas con cargas familiares: inclúe fillos/as menores de idade e maiores dependentes sen ingresos.





## CONCELLO DE BUEU

Respecto da documentación acreditativa das cargas familiares, o tribunal poderá solicitar aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados.

**A documentación deberá presentarse no prazo (2 días hábiles)** concedido para a presentación das reclamacións e alegacións, indicándose na relación de aprobados os aspirantes que deben chegar a documentación que permita resolver os empates con aplicación dos criterios preferentes da base 3ª.

Rematado o prazo de alegacións o Tribunal resolverá as que se presentaron en tempo e forma, elevando a definitiva a lista de candidatos que superaron a proba.

E non sendo outro o obxecto da sesión, dase por rematada a mesma, da que eu, como Secretari a do Tribunal dou fe.

